

# ENTREVISTA CON TOÑA, ANTIGA CONSERXE DO CENTRO

## 1. Cal foi a túa impresión o primeiro ano que estiveches no Centro?

Empecei a traballar no instituto como señora da limpeza e pasei despois a conserxe.

O primeiro ano o centro era moi distinto a como é agora. Tiña moitas carencias. Non había luz porque estaba en obras. A luz que tiñamos era a dun xerador instalado no patio que fallaba moitas veces. Non había pavillón, non existía a zona nova aínda que xa existía a cafetería .

O alumnado non cambiou: os rapaces son rapaces. Viña xente de todos os lados, moitos viñan de Vite. Traían moi mala fama por ser deste barrio, pero eran iguais a todos os demais. Os rapaces non son malos, hai algúns rebeldes con causa.

Nesa época intentaban subornarme para que lles pasase os exames pero nunca o fixen.

## 2. Cal é o mellor recordo de todos estes anos?

Todos os recordos son bos, sobre todo dos compañeiros. Eramos todos compañeiros, profesores e persoal non docente; sempre houbo moita unión e cando se facía algo, contábase con todo o persoal. Cada un no seu traballo pero todos estamos educando o alumnado dunha forma ou outra

O alumnado, na época de notas, cando viña recoller os boletíns facíalle bromas e sempre picaba. Durante o curso, cando os rapaces viñan pedir a pelota, facía que a desexasen, era un xogo máis.

## 3. Que foi o máis difícil do comezo?

O máis difícil de levar foron as carencias. Non había nada.

## 4. Como foi a súa vida laboral?

Comecei como señora da limpeza neste instituto, despois presenteime a unha oposición como conserxe. Facía un pouco de todo, mesmo xestionaba o uso do pavillón cando se construíu. Cando deixei o instituto foi por buscar outro destino onde traballar menos, e fun para medio-ambiente (augas de Galicia) por oposición, pero alí a forma de traballar era diferente.

Chorei polo que deixaba aquí porque marchei para cambiar xa que me quedaba pouco tempo para xubilarme.

Despois de marchar estiven moito tempo collendo o teléfono e dicindo *“Xelmírez dous, bos días”* e ao darme conta, dicía rapidamente *“Augas de Galicia, bos días”*

## 5. Cantos anos traballou no centro?

Aquí traballei vinte e un anos.

## 6. De quen garda mellor recordo?

De toda a xente. Non é sempre máis especial quen máis destaca academicamente. Lembro un ex-alumno que actualmente atopo cerca do meu traballo, Gustavo, agora é un garda de seguridade na Xunta.